



ESTADÍSTICA. PORCENTAXES E TAXAS

ACTIVIDADE: A POBOACIÓN EN GALICIA

Os datos necesarios para poder responder as preguntas deste cuestionario están dispoñibles na seguinte ligazón: http://www.ige.eu/estatico/educacion/FEIRA/Feira_2012.htm

- 1) Na seguinte táboa aparece a poboación de Galicia a 1 de xaneiro de 1998 por grandes grupos de idade.

Completa a táboa cos datos do último ano dispoñible.

	1998
Poboación total	2.724.544	
0-19	555.404	
20-64	1.643.111	
65 ou máis anos	526.031	

A continuación móstrase a porcentaxe que representa cada grupo de poboación sobre o total no ano 1998. Calcula estas porcentaxes para o último ano dispoñible.

Idade	Ano 1998	Ano
0-19	20,4%%
20-64	60,3%%
65 ou máis	19,3%%

O índice de envellecemento mide a relación existente entre a poboación de 65 ou máis anos e a poboación menor de 20.

Índice de envellecemento = Poboación de 65 ou máis / Poboación menor de 20 * 100

No ano 1998, o índice de envellecemento de Galicia foi 94,71. ¿Que valor toma este índice no último ano dispoñible?.....

¿Que indica un índice de envellecemento superior a 100?.....

2) Indica se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas

- a. En Galicia hai máis homes que mulleres Verdadeiro Falso
- b. No ano 2011 aumentou a poboación galega Verdadeiro Falso
- c. Hai máis galegas que galegos menores de 20 anos Verdadeiro Falso
- d. Máis do 50% da poboación de 65 ou máis anos son mulleres Verdadeiro Falso

3) ¿Cal é a porcentaxe de poboación estranxeira en Galicia?

- 4% 10% 20% Ningunha das anteriores

4) Na seguinte táboa aparece a poboación estranxeira de Galicia no ano 2011 segundo a súa nacionalidade:

	2011
Europa	45.413
África	12.047
América Central	7.076
América do Norte	1.753
América do Sur	40.096
Asia	3.930
Oceanía	125
Apátridas	28

Segundo a táboa a anterior o% da poboación estranxeira é de Europa e o% é de América do Sur.

¿Cales son as nacionalidades máis frecuentes entre a poboación estranxeira europea?.....

¿Cales son as nacionalidades máis frecuentes entre a poboación estranxeira de América do Sur?.....